

Sabes que...

Samaín, unha das datas máis importantes no calendario celta, significa "fin do verán e comezo do inverno" ?

Os celtas crían no alén e na conexión deste co noso mundo en datas concretas, sendo a noite do Samaín a máis destacada.

Consideraban que a noite do 31 de outubro era moi perigosa porque as almas en pena podían vir saldar as súas contas pendentas.

Por iso, colocaban caveiras con velas no seu interior... para escorrentar aos espíritos!

LEMBRA...

As cabazas entregaranse no colexio a partir do mércores 26 de outubro, nos bancos situados no mesmo andar que a túa clase, ata o venres 28 de outubro que a recollerás á hora da saída para levala a casa e colocala na terraza, na fiestra... co aquel de meterlle medo á xente ese día.

Terás que poñerlle un título en galego ao teu traballo, xunto co teu nome e curso. Pon unha tarxeta con eses datos e que teña as medidas que se indican na web do colexio.

SAMAÍN 2022



CORRE ... CORRE ...
CABACIÑA... que xa
está aquí a...

EXPOSICIÓN DE CABAZAS

(Actividade Voluntaria)

O Samain

(canción de Mamá Cabra)

Hoxe celebramos o Samain

Que noutros sitios lle chaman Halloween.

Tumba por alí

Tumba por alá

Tumba, tumba

Uha, ja, ja, ja...

Os devanceiros nos tempos de antes

Poñían nas súas portas caveiras de xigantes.

Tumba por alí (...)

Cando se achega o Samain

Ponse todo escuro, verán ten o seu fin.

Tumba por alí (...)

Os esqueletos pónense a bailar

Coas súas caveiras vannos asustar.

Tumba por alí (...)

Hoxe pola noite vaste decatar

Cando a túa porta vaian a petar.

Tumba por alí (...)

Non nos meten medo porque teñan pelo

Non nos meten non, fixémoslas nós.

Tumba por alí (...)

Por primeira vez na nosa escola

Temos Samain; Isto si que mola!

Tumba por alí (...)

Colorea o seguinte debuxo.



E agora, atreveste con este?

